



PLAN DIXITAL

IES San Clemente

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Denominación: Instituto de Educación Secundaria San Clemente
Enderezo: Rúa San Clemente s/n, 15705 Santiago de Compostela
Código do centro: 15021482
Teléfono principal: 881 86 75 01
Correo electrónico: ies.sanclemente@edu.xunta.gal
Páxina web: <https://www.iessanclemente.net/>

No IES San Clemente conviven dúas ensinanzas:

Ciclos formativos de formación profesional correspondentes á familia profesional de Informática. No curso 2021/2022, a oferta do centro é a seguinte:

1. Modalidade presencial:
 - a) Ciclo Medio Plurilingüe SMR en portugués
 - b) Ciclo Superior Plurilingüe ASIR en portugués
 - c) Ciclo Superior Plurilingüe DAM en inglés
 - d) Ciclo Superior Plurilingüe DAW en inglés
 - e) Ciclo Superior ASIR Modular
 - f) Ciclo Superior DAW Modular
 - g) Curso de Especialización en Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías da información
2. Modalidade a distancia:
 - a) Ciclo Medio SMR Modular
 - b) Ciclo Superior ASIR Modular
 - c) Ciclo Superior DAM Modular
 - d) Ciclo Superior DAW Modular

Ensino para adultos, ofertándose en modalidade a distancia:

- a) Educación secundaria (ESA)
- b) Bacharelato, nas modalidades de Ciencias, Humanidades e Ciencias Sociais, e Artes.

No ano 2022 tamén se levaron a cabo no centro probas libres para a obtención do título da ESA, do Bacharelato, e as de Técnico e Técnico Superior de Formación Profesional, así como probas substitutivas das titulacións da ESO e do Bacharelato para o acceso a ensinanzas artísticas e deportivas.

A matrícula do centro no curso actual é a seguinte:

Ensinanza	Mulleres	Homes	Total
Ciclos FP	255	880	1135
Curso especialización	2	18	20
Bacharelato	689	616	1305
E.S.A.	686	564	1250
TOTAL	1632	2078	3710

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O alumnado dos ciclos e do curso de especialización provén maioritariamente da propia cidade de Santiago e da súa área de influencia, sendo case todos maiores de idade excepto algúns alumnos e alumnas dos ciclos de grao medio. Tanto as que se imparten na modalidade a distancia como as que pertencen á modalidade presencial contan con apoio de aulas virtuais, no primeiro caso a propia da Xunta (<https://www.edu.xunta.gal/fpadistancia/>), e o Mestre do IES San Clemente no segundo (<https://mestre.iessanclemente.net/>).

As ensinanzas a distancia da ESA e do Bacharelato diríxense ao alumnado maior de idade de toda Galicia, sendo o único centro da Comunidade que as imparte. Por motivos de traballo, deportivos, enfermidade ou impedimento físico, e co preceptivo permiso da xefatura territorial, matricúlase tamén alumnado entre os 16 e os 18 anos. A plataforma que se emprega nelas (<https://aulavirtual.iessanclemente.net/>) foi desenvolvida polo profesorado do IES San Clemente e atópase aloxada no *DataCenter* do instituto.

No Proxecto Educativo do IES San Clemente figura o seguinte obxectivo prioritario: *"O emprego de técnicas e metodoloxías para potenciar e mellorar o ensino a distancia"*. E tamén a seguinte medida prioritaria: *"Impulsar o desenvolvemento tecnolóxico do IES San Clemente, manténdoo como referencia en Galicia"*. Tamén na Programación Xeral Anual consta como obxectivo específico *"Continuar co desenvolvemento tecnolóxico do Centro mantendo ao IES San Clemente como referencia en Galicia"*

Este traballo de impulso tecnolóxico permanente leva desenvolvéndose, co apoio do persoal do centro, dende fai décadas. Isto reflíctese en aspectos que sitúan ao centro na vangarda tecnolóxica, como por exemplo:

- os arredor de 400 ordenadores cos que conta o centro para alumnado e profesorado.
- a incorporación de tecnoloxías como a hiperconverxencia para a integración dos recursos de procesamento e almacenamento.
- o emprego constante de ferramentas de comunicación como a páxina web do centro ou as redes sociais.

- o automatización da gravación e publicación de video-tutoriais para a modalidade de ensino a distancia.
- a posta en funcionamento e integración na aula virtual dunha ferramenta propia de video-chamada para a comunicación entre alumnado e profesorado.

Mesmo ao comezo da pandemia derivada da Covid, durante o illamento da poboación, a instancias da Consellería o IES San Clemente deu entrada á súa propia aula virtual a alumnado e profesorado de 23 centros de Galicia para posibilitar a continuación do seu proceso educativo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O desenvolvemento do Plan Dixital enmárcase no seguinte contexto normativo:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

A elaboración do Plan Dixital do Centro levouse a cabo dentro dun PFPP que comezou en novembro de 2021 e rematou en xuño de 2022, cun total de 6 reunións dos tres membros do grupo de traballo, máis dúas sesións de traballo individual con 4 horas de formación interna e 4 horas de formación externa.


2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais


Como xa comentamos, o centro conta cunha infraestrutura dixital punteira.

As aulas dos ciclos formativos de FP están dotadas con ordenadores de gran capacidade de procesamento (un por alumno, intel i7, entre 16 e 32 GB de memoria, pantalla de 24 polgadas). Os postos dos profesores teñen ademais dobre monitor, webcam, tableta


Todos os espazos do centro están cableados a velocidade Xigabit cunha topoloxía en estrela. Os conmutadores conéctanse coa cabeceira a velocidade 10-Xigabit. O centro tamén conta con rede WiFi diferenciada para o acceso do alumnado e do persoal. A seguridade das comunicacións pivota arredor dun *firewall Fortinet FortiGate*.



Dúas aulas contan cunha cámara IP e pantalla táctil de gran formato para a realización de gravacións das titorías do ensino a distancia.



Existe tamén un espazo específico para a gravación de videotutoriais dotado de equipamento axeitado (ordenador con cámaras web, tableta dixital e croma).



Estes tutoriais multimedia grávanse, procésanse e intégranse na aula virtual de xeito automatizado. No último curso rematado, o 2020/2021, o profesorado fixo un total de

4.647 gravacións didácticas que foron visualizadas polo alumnado en 97.704 ocasións. En total, soamente nese curso, emitíronse 13.578 horas de contido multimedia educativo.

A páxina web do centro emprégase de xeito habitual para a publicación de novas e ofertas de emprego. A través dela o alumnado pode facer a matrícula do bacharelato a distancia, sen necesidade de trasladarse ao centro educativo. Ao seu redor desenvóléronse servizos web como os que permiten o control do acceso a Internet do alumnado dende as aulas, o soporte das incidencias relacionadas co sistema informático, o acceso remoto do profesorado aos seus documentos, ou a wiki sobre informática (<https://manuais.iessanclemente.net/>) empregada polos docentes e alumnado do centro, así como por persoas alleas ao mesmo.

Xunto coa páxina web, a difusión de moitas novas faise tamén a través de redes sociais (Twitter, Facebook, Instagram) ou empregando ferramentas como Telegram.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

O informe de centro SELFIE reúne e compara as opinións do equipo directivo, do profesorado e do alumnado. Ofrece unha instantánea de en qué punto atópase o centro na actualidade en relación coa estratexia e a práctica no uso das tecnoloxías dixitais de ensino e aprendizaxe. Os resultados do SELFIE axudan a establecer un diálogo dentro da comunidade escolar. Son unha boa base para identificar e analizar as fortalezas e as debilidades e crear un plan escolar en relación co uso das tecnoloxías dixitais para dar apoio á aprendizaxe.

A información do resumo das áreas do informe SELFIE da etapa educativa coa que traballamos móstranse na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	CF	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.				4.7	
	Profesorado				4.5	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				4.7	
	Profesorado				4.4	
	Alumnado				3.5	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.				4.7	
	Profesorado				4.6	
	Alumnado				3.8	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.				4.9	
	Profesorado				4.6	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.				4.8	
	Profesorado				4.6	
	Alumnado				4.5	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.				4.6	
	Profesorado				4.4	
	Alumnado				4.1	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.				4.6	
	Profesorado				4.6	
	Alumnado				4	

H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.				4.8	
	Profesorado				4.8	
	Alumnado				4.3	

O test CDD ofrece os resultados agrupados da autorreflexión do profesorado do centro. O nivel de competencia dixital é orientativo e serve para poder planificar a formación futura do profesorado no ámbito dixital.

Nas seguintes táboas móstrase a información recollida do informe grupal do test CDD de centro.

Participación segundo perfil do profesorado:

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	48	27,1%
PROVISIONAL	3	11	27,3%
INTERINO	8	24	33,3%
SUBSTITUTO	1	4	25%
DESPRAZADO	0	0	0%

Puntuación e nivel de competencia do centro:

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
105,9	Experto/a (B2)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO Adult.	60	Explorador/a (A2)	76	Integrador/a (B1)
BAC	132,7	Lider (C1)	78,4	Integrador (B1)
CF	105,4	Experto/a (B2)	80,2	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis:

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0
A2	3	12%
B1	11	44%
B2	5	20%
C1	4	16%
C2	2	8%
TOTAL	25	100%

Para a análise DAFO tamén se tivo en conta as características do centro en canto oferta formativa, contorna, organización e infraestrutura, o persoal non docente, a relación coas empresas, as competencias dixitais do alumnado, a comunicación co alumnado e as familias e a lexislación e administración educativa.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e as outras fontes mencionadas, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	X	
	PERSOAL DOCENTE	X	
	PERSOAL NON DOCENTE	X	
	COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO	X	
	FAMILIAS		X
	OFERTA	X	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	X	
	COLABORACIÓN E COMUNICACIÓN	X	
	INTEGRACIÓN TECNOLOXÍAS DIXITAIS	X	
	PRÁCTICAS INNOVADORAS	X	
	DESARROLLO PROFESIONAL	X	
	PARTICIPACIÓN DAS EMPRESAS		X
	ESPAZOS FÍSICOS		X

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		X
	LEXISLACIÓN		X
	CONTORNA	X	

FORMACIÓN EXTERNA	X	
COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES	X	
ESTADÍAS EN CENTROS E EMPRESAS	X	
PARTICIPACIÓN EN PROGRAMAS EUROPEOS	X	
FORMACIÓN PARA PROFESORADO ESA	X	

3. Plan de Acción

Unha vez estudado o DAFO obtido a partir da análise dos resultados do SELFIE e do test de Competencia Dixital Docente, as persoas encargadas da elaboración do Plan Dixital non atopamos dentro das Debilidades e Ameazas elementos de mellora relacionados co emprego das tecnoloxías que poidan ser abordados polo centro a través de obxectivos concretos e redunden nun beneficio directo ao proceso de ensino, o persoal ou o alumnado.

Isto xustifícase na tipoloxía específica do IES San Clemente, no que todas as ensinanzas se levan a cabo a través de medios informáticos, e no traballo de actualización tecnolóxica permanente desenvolvido ano tras ano que o sitúan como un centro puntero a nivel nacional no emprego de ferramentas dixitais.

3.1. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Despois de analizar o DAFO obtido a partir dos resultados do SELFIE e do test de Competencia Dixital Docente, non se detectan necesidades de equipamento nin de infraestruturas tecnolóxicas. No apartado 2.2. están descritas as características do centro onde pode verse que somos un centro tecnolóxico punteiro, no que o equipamento ven determinado polas ensinanzas que nel se desenvolven; ESA e bacharelato a distancia así como diversos ciclos formativos no ámbito da informática. Contamos con equipos informáticos para todo o alumnado que realiza as súas formación de xeito presencial e usamos as plataformas educativas de ensinanza a distancia.

4. Avaliación do plan

Realizarase unha avaliación ao final do curso 2021-2022, onde o presente documento será avaliado polo equipo docente en claustro e pola comisión pedagóxica.

Dado que non constan obxectivos non consideramos necesario que se realicen avaliacións posteriores de dito plan.

5. Difusión do plan

O plan dixital será presentado ao profesorado en claustro e en comisión pedagóxica, e publicarse na páxina web do centro.